

# Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia

Datos correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025

Data de publicación: 16/02/2026

## Principais resultados

- O número de vacantes nas empresas galegas de 10 ou máis empregados foi de 11.915 no cuarto trimestre de 2025, amosando unha taxa de variación interanual do -6,4 %.
- O 39,1 % das vacantes non se cubriron porque os candidatos non tiñan a formación axeitada.
- No 71,9 % das empresas do sector servizos, o grao de ocupación do persoal foi superior ao 75 %.

## 1. Vacantes nas empresas galegas

No cuarto trimestre de 2025 había en Galicia 11.915 vacantes nas empresas de 10 ou máis asalariados. O número de vacantes diminuíu en 813 con respecto do mesmo trimestre do ano 2024 (12.728).

Neste trimestre, o 14,9 % das vacantes requirían titulación STEM<sup>1</sup>. Esta porcentaxe baixa con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, no que o 27,9 % das vacantes requirían titulación STEM.

### Número de vacantes nas empresas de 10 ou máis asalariados. Galicia.

Unidade: número

|               | 2024/IV | 2025/I | 2025/II | 2025/III | 2025/IV | TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DO 2025/IV |
|---------------|---------|--------|---------|----------|---------|-----------------------------------------|
| VACANTES      | 12.728  | 11.385 | 14.452  | 14.478   | 11.915  | -6,39                                   |
| VACANTES STEM | 3.548   | 2.871  | 2.505   | 2.601    | 1.776   | -49,94                                  |


Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#)).

<sup>1</sup>STEM é un acrónimo dos termos en inglés Science, Technology, Engineering and Mathematics (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).

Tal e como se reflexa no seguinte gráfico, o maior número de vacantes en Galicia rexístrase nas empresas que teñen entre 10 e 49 asalariados.

**Número de vacantes ao final de cada trimestre segundo o tamaño da empresa. Galicia.**

*Unidade: número*




Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#)).

O principal motivo polo que as empresas non tiñan vacantes foi “Non se necesita ningunha persoa máis”, que superou o 81% no cuarto trimestre de 2025.

### Motivos polos que as empresas non tiñan vacantes. Galicia.

Unidade: porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#)).

No cuarto trimestre de 2025, o 23,8 % das empresas con vacantes aínda tiñan sen cubrir as do trimestre anterior. No mesmo trimestre do ano anterior esta porcentaxe foi do 19,1 %.

O motivo máis indicado como causante de non ter cubertas as vacantes foi a falta de persoas candidatas con formación axeitada (non inclúe a formación superior STEM nin a preparación dixital) ; esta porcentaxe foi de 39,1% no cuarto trimestre do ano 2025.

### Motivos polos que as empresas con vacantes non puideron cubrilas. Galicia.

Unidade: porcentaxes

| Motivos                                                                             | 2024/IV | 2025/I | 2025/II | 2025/III | 2025/IV |
|-------------------------------------------------------------------------------------|---------|--------|---------|----------|---------|
| Falta de persoas candidatas con titulación superior STEM                            | 21,13   | 22,97  | 19,44   | 19,48    | 16,09   |
| Falta de persoas candidatas con preparación dixital suficiente                      | 5,63    | 12,16  | 5,56    | 5,19     | 6,90    |
| Falta de persoas candidatas con formación axeitada non incluída nos dous anteriores | 35,21   | 36,49  | 30,56   | 31,17    | 39,08   |
| As persoas candidatas non consideraron axeitadas as condicións económicas           | 15,49   | 14,86  | 14,81   | 18,18    | 18,39   |
| As persoas candidatas non consideraron idóneas outras circunstancias do posto       | 22,54   | 24,32  | 31,48   | 25,97    | 26,44   |
| Outros                                                                              | 40,85   | 31,08  | 34,26   | 37,66    | 35,63   |

Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#)).

## 2. Utilización da capacidade produtiva das empresas galegas do sector servizos

No cuarto trimestre de 2025, o 60,6 % das empresas empregan as súas instalacións, maquinaria e/ou equipamento máis do 75 %. Esta porcentaxe diminuíu con respecto do mesmo trimestre do ano anterior que era do 62,3 %.

### Grao de utilización das instalacións, maquinaria e/ou equipamento. Galicia.

Unidade: porcentaxes

|                     | 2024/IV | 2025/I | 2025/II | 2025/III | 2025/IV |
|---------------------|---------|--------|---------|----------|---------|
| Menos do 25 %       | 5,76    | 7,14   | 5,42    | 4,83     | 4,46    |
| Entre o 25 % e 50 % | 8,38    | 9,79   | 10,57   | 8,04     | 8,14    |
| Entre 50 % e 75 %   | 23,56   | 24,34  | 22,22   | 23,06    | 26,77   |
| Máis do 75 %        | 62,30   | 58,73  | 61,79   | 64,08    | 60,63   |

Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas  
([descarga da táboa](#)).

No que respecta ao grao de ocupación do persoal, no cuarto trimestre de 2025, o 71,9 % das empresas empregan ao seu persoal máis do 75 % da súa xornada laboral.

### Grao de ocupación do persoal. Galicia.

Unidade: porcentaxes

|                     | 2024/IV | 2025/I | 2025/II | 2025/III | 2025/IV |
|---------------------|---------|--------|---------|----------|---------|
| Menos do 25 %       | 4,19    | 5,29   | 2,71    | 3,22     | 1,31    |
| Entre o 25 % e 50 % | 6,81    | 7,67   | 8,40    | 5,36     | 7,35    |
| Entre 50 % e 75 %   | 16,75   | 21,69  | 19,24   | 19,57    | 19,42   |
| Máis do 75 %        | 72,25   | 65,34  | 69,65   | 71,85    | 71,92   |

Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas  
([descarga da táboa](#)).

## 3. Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos

Calculando a diferenza entre a porcentaxe de empresas con resposta favorable e a porcentaxe de empresas con resposta desfavorable nos distintos items do indicador de sentimento económico para o sector servizos (Economic Sentiment Indicator for the services sector ou ESI.SERV) obtéñense os seguintes indicadores:

### Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos (balance). Galicia.

Unidade: porcentaxes

|                                                                      | 2024/IV | 2025/I | 2025/II | 2025/III | 2025/IV |
|----------------------------------------------------------------------|---------|--------|---------|----------|---------|
| Percepción da situación empresarial no trimestre en curso            | 13,35   | 7,64   | 7,37    | 12,85    | 11,79   |
| Percepción da evolución da demanda de servizos no trimestre en curso | 14,25   | 8,21   | 12,87   | 16,38    | 16,35   |
| Previsión da evolución da demanda no próximo trimestre               | 18,71   | 25,34  | 24,93   | 12,92    | 7,41    |

Fonte: IGE. Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#)).

A percepción da situación empresarial no sector servizos mantense en valores positivos. O mesmo ocorre coa percepción da evolución da demanda de servizos. É dicir, hai máis respostas positivas que negativas.

A previsión da evolución da demanda para o próximo trimestre acada o valor 7,4 % . Este valor positivo segue a senda do ano 2024, no que este indicador acadou valores positivos nos catro trimestres.

## 4. Notas metodolóxicas

A [Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia](#) é unha operación estatística na que se enmarcan tres estudos:

- Estudo sobre vacantes ou ofertas de emprego nas empresas galegas.
- Estudo da utilización da capacidade produtiva das empresas galegas do sector servizos.
- Obtención do indicador de sentimento harmonizado das empresas galegas de servizos.

Unha vacante de emprego<sup>2</sup> refírese a un posto de traballo remunerado, creado recentemente, que non está ocupado, ou que está a punto de quedar libre, para o cal o empregador:

- a. está tomando e preparando medidas activas co obxecto de atopar un candidato idóneo alleo á empresa en cuestión, e
- b. ten a intención de cubri-lo de forma inmediata ou nun prazo de tempo determinado.

## 5. Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

### Metodoloxía

- Metodoloxía

### Definicións

- Definicións

### Descarga de datos

- Número de vacantes nas empresas de máis de 9 asalariados por tamaño da empresa
- Número de vacantes que requiren titulación superior STEM nas empresas de máis de 9 asalariados por tamaño da empresa
- Motivos polos que as empresas non teñen vacantes
- Empresas con vacantes no anterior trimestre sen cubrir aínda por tamaño da empresa
- Motivos polos que as empresas con vacantes non puideron cubrilas
- Grao de utilización das instalacións, maquinaria e/ou equipamento segundo o tamaño da empresa
- Grao de ocupación do seu persoal segundo o tamaño da empresa
- Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos

### Fontes de información

IGE.Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia.

---

<sup>2</sup>Segundo a definición do Regulamento (CE) No 453/2008 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008 relativo ás estatísticas trimestrais sobre vacantes de emprego na Comunidade)